

<< DECRETO DO 29 DE ABRIL DE 2016:

D. Xoán Xosé Jardón Pedras, Alcalde do Concello de Vilar de Santos (Ourense), en base as competencias que atribue á Alcaldía o artigo 21 g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local,

(...)

VISTO o Decreto da Alcaldía de data 15/04/2016 polo que se convoca concurso público para a provisión en réxime de dereito laboral temporal de 1 praza, a 40 horas/semana, de Chofer de tractor con rozadora, con duración ata ó 31/12/2016 e se aproban as correspondentes bases.

VISTA a proposta de resolución da Comisión de Selección formulada con data 28 de abril do 2016,

RESOLVO:

1.- Seleccionar, en réxime de dereito laboral temporal, de 1 praza, a 40 horas/semana, de Chofer de tractor con rozadora, con duración ata ó 31/12/2016 a:

OSCAR GOMEZ TABOADA 76.727.445-C

2.- Formalizar os correspondente contratos laboral de obra ou servizo determinado co seleccionado para o exercicio 2016 (con data tope de remate en 31/12/2016) e dalo de alta no réxime xeral da Seguridade Social con data 3 de maio do 2016.

3.- Aprobar unha listaxe de suplentes (bolsa de traballo) cos restantes aspirantes non seleccionados, de acordo coa orde decrecente de puntuación que acadaron.

4.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello.>>

Contra este acto, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala de dita xurisdición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, ou ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Ourense unicamente nos supostos a que fai referencia o artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES desde a publicación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo). Potestativamente, tamén se poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de UN MES ante o mesmo órgano que ditou esta resolución (art. 116 e 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro).